

RESOLUCIÓN DE 16 DE MAIO DE 2023 DO XERENTE DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, M.P., (FUNDACIÓN USC), RELATIVA AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO POLA FUNDACIÓN USC.

Mediante resolución da Xerencia da Fundación USC, do 10 de abril de 2023, dispúxose a publicación do acordo do Comité Executivo da Fundación USC, do 5 de abril de 2023, polo que se convocou proceso selectivo e aprobaron as bases reguladoras para a cobertura dos seguintes postos de traballo: un/unha (1) «xerente/a adxunto/a», un/unha (1) «director/a de área de servizos informáticos externos» e un/unha (1) «director/a de área de proxección institucional e imaxe», para a súa contratación laboral especial mediante contrato laboral de alta dirección.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes previsto na base 6, non presentada ningunha solicitude para o posto de «director/a de área de servizos informáticos externos», analizadas as presentadas para os postos de «xerente/a adxunto/a» e de «director/a de área de proxección institucional e imaxe», e vistos os acordos adoptados pola comisión de valoración en sesión do 15 de maio de 2023, **RESOLVO:**

Primeiro.- Admitir todas as solicitudes presentadas para os postos de «xerente/a adxunto/a» e de «director/a de área de proxección institucional e imaxe» por concorrer nelas os requisitos previstos nas bases 4 e 5.

Segundo.- Corrixir o seguinte erro detectado na base 8, «comisión de valoración», das bases reguladoras, posto de manifesto pola comisión de valoración: onde di «(...) Secretario: – Félix Navaza Aller, funcionario de carreira da escala de xestión da USC, que intervirá con voz e sen voto.», debe dicir: «(...) Secretario: – Félix Navaza Aller, funcionario de carreira da escala de xestión da USC».

Terceiro.- Dar publicidade aos acordos adoptados pola comisión de valoración reflectidos na acta da antedita sesión constitutiva do 15 de maio de 2023, relativos a:

- a) Convocar aos aspirantes admitidos para os postos de «xerente/a adxunto/a» e de «director/a de área de proxección institucional e imaxe», para a realización da proba prevista na base 9 (Fases 1 e 2), no lugar, día e hora que se sinala no anexo I á presente resolución.
- b) Publicar os criterios adoptados pola comisión de valoración, relativos ao baremo das Fases 1 e 2 da proba antedita, e que se incorporan á presente resolución como anexo II.

En Santiago de Compostela, a 16 de maio de 2023.

Óscar Hermida Otero
Xerente da Fundación USC, M.P.

– ANEXO I –

Lugar de realización: sede da Fundación USC (Avenida das Ciencias 6, 1º. Campus Sur - Santiago de Compostela).

Data: 22 de maio de 2023

1. **Denominación do posto:** xerente/a adxunto/a

Apelidos e nome	D.N.I.	HORA
1. Conde Vieites, Marta	****1906*	15:30
2. Rodríguez Torres, Rafael	****3727*	16:10

2. **Denominación do posto:** director/a área proxección institucional e imaxe

Apelidos e nome	D.N.I.	HORA
1. Barreiro Valladares, Lucía Cecilia	****0015*	16:50
2. Casal Martínez, Josefa	****7652*	17:30
3. Martínez Iglesias, María Vanesa	****2128*	18:10

– ANEXO II –

Criterios de baremación para as fases 1 e 2.

Fase 1: máximo de 20 puntos

1. Relación do itinerario curricular (académico e experiencia laboral) coas funcións a desempeñar **(máximo de 5 puntos)**
2. Contidos do plan ou proxecto presentado **(máximo de 6 puntos)**
3. Adaptación das propostas incluídas no proxecto para o desenvolvemento das funcións e o funcionamento da área correspondente **(máximo de 6 puntos)**
4. Comunicación e defensa do proxecto **(máximo de 3 puntos)**

Fase 2: máximo de 10 puntos

1. Cuestións relacionadas coa memoria presentada **(máximo de 5 puntos)**
2. Cuestións relacionadas co currículo vitae e coas funcións a desempeñar **(máximo de 5 puntos)**